



PALABRAS PRIMITIVAS E DERIVADAS



As **palabras primitivas** non proceden de ningunha outra palabra.

Están formados polo lexema ou raíz que é o que lle aporta o significado.

Ademais, poden levar morfemas gramaticais pero non poden levar morfemas derivativos.

Tamén se chaman palabras simples.


As **palabras derivadas** fórmanse a partir dunha palabra primitiva á que se lle engadiu un morfema derivativo.

Os morfemas derivativos son os prefixos (que se colocan antes do lexema) e os sufixos (que se colocan detrais do lexema).

Tamén poden levar morfemas gramaticais (xénero, número, desinencias verbais).

As **palabras compostas** están formadas pola unión de dúas palabras, é dicir, teñen dous lexemas.

Completa o esquema sobre as palabras con axuda da información superior.



Forma dúas palabras derivadas engadindo prefixos e sufixos a estas palabras primitivas:



• carne



• pan



• libro



• mar



• casa
